Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

# Morte

## CATEGORÍAS RELACIONADAS

## *A maldición de San Martiño de Noia*

A igrexa de San Martiño de Noia (A Coruña), construída na primeira metade do s. XV, está sen rematar. Fáltalle unha das torres, a esquerda, e crese que está maldita pois parece que o arquitecto, ou o canteiro, que realizaba a obra morreu de estraña maneira. Por unhas ou outras razóns, sempre con accidentes interpostos, a obra non se puido rematar nin se aconsella que se intente se non se quere morrer no intento.



Cuando preparaba las últimas escenas de la película "LA CAMPANA DEL INFIERNO"

*Muere el director de cine Claudio Guerín, al caer de la torre de la iglesia de San Martín (NOYA)*

(En página 18)

O director de cine Claudio Guerín Hill (Sevilla, 1939) morreu cando gravaba en Noia, coa igrexa de San Martiño de decorado, a súa segunda película. Para gravar os últimos planos simulou con material funxible a torre que faltaba e, disque por maldición, caeu desde un andamio colocado entre as dúas torres, a uns 20 metros de altura, e matouse. Era o 16 de febreiro de 1973, a primeira hora da tarde; tiña 35 anos. No chan da Praza do Tapal hai gravada unha cruz que indica o punto exacto  onde caeu o seu corpo.

Hai quen afirma que a causa da morte non foi ningunha maldición senón un suicidio voluntario. A película rematouna Juan Antonio Bardem, está clasificada dentro do xénero de terror e titúlase “La campana del

infierno”; non tivo moito éxito.